

Rutas Xacobeas

A variante xacobeá Camiño de Inverno, será promocionada dende a Xunta

Entrada natural a Galicia

MÓNICA G. BELLVER

Proceder, “á maior brevidade posible, ao recoñecemento oficial do Camiño de Inverno como ruta de peregrinación Xacobeá; e instar á Xunta de Galicia a iniciar os traballos para a divulgación e promoción do Camiño de Inverno, con motivo do vindeiro Ano Santo Xacobeo 2010”. Este é o texto da iniciativa, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, aprobada por unanimidade na Comisión 6ª do Parlamento galego celebrada o pasado 11 de decembro. Un paso máis cara o recoñecemento do camiño que entra a Galicia pola comarca valdeorresa rumbo a Santiago de Compostela, que o ano pasado era presentado polo Goberno galego na feira de turismo Intur de Valladolid e que xa está recoñecido e incluído nas guías do Vaticano.

O fenómeno das peregrinacións xurde como tal nos séculos XII e XIII e con elas, xérase unha rede de camiños que teñen como meta o sepulcro do Apóstolo e que levan a Santiago milleiros de persoas, empregando basicamente as oito rutas oficiais chegadas dende a costa, dende Europa atravesando o



MÓNICA G. BELLVER

centro da Península e tamén dende Portugal. Pero ademais dos grandes itinerarios xacobeos, no seu traxecto cara Compostela, os peregrinos buscaron rutas alternativas para sortear obstáculos como a neve nas zonas montañosas polas que atravesaba a ruta como é O Cebreiro. Así naceu a variante xacobeá que entra en Galicia por Valdeorras e que continúa por Quiroga, conecta con Rodeiro e Lalín ata chegar a

Santiago.

Esta variante xacobeá reivindicada por parte das asociacións de Valdeorras, Ribeira Sacra e Rodeiro comezou chamándose Camiño Sur, pero acabou adoptando o nome de Camiño de Inverno “pola súa orixe e polos documentos atopados pola investigadora Asunción Arias nos arquivos da Diocese de Astorga” explica Ramón García, presidente da Asociación de Amigos do

Un grupo de camiñantes facendo o Camiño de Inverno ao seu paso pola Rúa.

Camiño de Santiago por Valdeorras, que defende a entrada en Ourense polos Penedos de Oulego no concello de Rubiá, atravesando a Serra da Enciña da Lastra “con referencias que así o demostran como a capela adicada á Virxe do Camiño” explica García, a pesares de que tamén existe a posibilidade de entrar polo municipio de Carballada, postura que defenden investigadores como Isidro García Tato ou a Asociación de Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra.

Sexa como for esta variante do Camiño de Santiago parte de Molinaseca onde os peregrinos se desviaban do Camiño Francés, continúa por Toral de Merayo, polas Médulas e polo Puente de Domingo Flórez. O tramo valdeorres (sinalizado con flechas amarelas) dende os Penedos de Oulego ata Quiroga suma uns corenta quilómetros e no seu percorrido pasa por Rubiá, O Barco, Vilamartín, A Rúa seguindo o río Sil ata chegar a terras lucenses en Montefurado, Quiroga e Monforte. O percorrido continúa por Chantada acadando a provincia de Pontevedra, pasando por Rodeiro e Lalín ata enlazar coa Vía da Prata.

Un dos investigadores que máis leva indagado sobre a variante do Camiño de Inverno, cuxa antigüida-

Panadería
Mario y Olga
FELIZ NADAL

Dispacho de Pan e Pastelería
Avda. Conde de Fenosa, 25 - O Barco
988 32 10 74 - 816 83 82 35
Horrio:
Portela de Vilamartín
Telf. 988 32 45 62 - 808 18 59 11

O SIL
ano 2000

Les desea feliz Navidad

GESTORIA ARIAS
Gestor Administrativo - Graduado Social
FISCAL - LABORAL - JURÍDICO
SEGUROS - CONTABLE

Conde Fenosa, 19 - O BARCO - Telf.: 988 320 361 - Fax: 988 322 445
g-arias@gestores.net

ALUVAL BARCO

- aluminio P. térmico
- hierro
- cristalería
- mamparas
- muebles de baño
- remolques

Instalador Oficial para Valdeorras
CANAL CORTIZO
10 años de garantía
ALQUILER DE MÁQUINAS TUERA Y BRAZO

FELICES FIESTAS

Parque empresarial A Raña, Calle 7, Parcela 116 - O Barco
Tlf.: 988 32 64 34 - Fax.: 988 32 64 35 - Móvil: 629 83 83 93

Suscríbete

¡Todo son ventaxas!
calendarios . posters
especiales
GRATIS

www.OSil.info

Maderas

Ángel Rodríguez

ESPECIALIDAD EN RASTRELES
PARA CUBIERTAS DE PIZARRA
MADERAS NACIONALES Y DE IMPORTACIÓN
TODO TIPO DE TARIMAS Y MADERAS
PARA LA CONSTRUCCIÓN

Les desea Feliz Navidad

Tels.:
Fábrica: 988 32 51 10
Partic.: 988 32 11 81
Fax: 988 32 51 10
Ctra. Rubiá - O BARCO

Rutas Xacobeas

de parece remontarse a máis de dez séculos, é Ramón López Caneda, quen no ano 93 publicaba a obra *El Camino de Santiago en Valdeorras*. Nos seus textos Caneda xustifica a existencia desta variante apoiándose en tres factores: o xeográfico, o viario e o sociodemográfico, “que me impulsan a dicir que temos certeza moral de que os peregrinos utilizaban esporadicamente Valdeorras no seu camiñar cara a tumba do Apóstolo”. Ademais considera López Caneda que “seguir o curso do río Sil equivale



Peregrinos polo Camiño de Inverno á súa entrada pola comarca de Valdeorras.

CARLOS G. HERVELLA

a ter baixo os pés non só o camiño senón tamén o camiño máis cómodo”, opinión que tamén comparten dende as asociacións asegurando que esta é a entrada natural a Galicia.

Este paso de peregrinos deixou tamén a súa impronta en diversos testemuños documentados por diferentes investigadores, como a existencia de hospitais, mostras da arte románica e incluso documentos que confirman o establecemento na comarca de ordes militares vencelladas a Santiago Apóstolo como a de Malta.

Por Valdeorras

A través de 40 quilómetros

MÓNICA G. BELLVER

Á espera da sinalización vertical do percorrido do valdeorrés do Camiño de Inverno, momento que aproveitarán para organizar as III xornadas sobre a ruta, o presidente dos Amigos do Camiño de Santiago por Valdeorras Ramón García, espera impaciente o comezo do Xacobeo 2010 no que se prevé que pasen moitos peregrinos por esta zona. “Estou recibindo entre 40 e 50 correos diarios pedindo



información e deles, 10 falan do interese en facer o camiño por aquí. Deses, 10 diarios non pasarán por aquí, ou quizais si” asegura Ramón porque dada a “masificación do Camiño Francés, esta é unha alternativa que vai seguir moita xente, porque estamos ás portas do Ano Santo e xa está pasando”. Con máis de dez anos ao fronte da asociación, Ramón García asegura ter feito os Camiños Francés, do Norte e da Prata e “o máis bonito é

este porque hai zonas dunha gran beleza”. Pasa polas Médulas (Patrimonio da Humanidade), pola Serra da Enciña da Lastra con varios miradores dende Biobra ata Robledo “a vista do val da Rúa, Montefurado, A Ribeira Sacra... é espectacular”. E todo sen esquecer que non hai grandes pendentos e atopamos pobos cada poucos quilómetros. Todo iso unido á oferta de aloxamento nos pavillóns municipais e no albergue de Xagoaza, fan desta unha boa alternativa para o peregrino que “fai turismo de zapatilla pero deixa cartos no camiño”.

Ramón García, presidente da Asociación Amigos do Camiño por Valdeorras.

Pola Ribeira Sacra

Demanda de infraestrutura

MÓNICA G. BELLVER

Un pouco “decepcionados” se amosan dende a Asoc. de Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra “porque esperabamos que neste ano se declarase oficial a ruta” en palabras da súa presidenta Aida Menéndez, unha demanda que veñen facendo dende hai máis de dez anos “porque ten un peso importantísimo de documentación e sería unha oportunidade importante para os concellos polos que pasa”. De momento, e tras a aprobación no Parlamento da iniciativa, o que se vai facer dende a Xunta será promocionar o Camiño de Inverno “algo moi importante, pero se se promociona

hai que reunir unhas condicións mínimas, sobre todo en infraestrutura e iso é do que está carecendo porque no sur de Lugo só hai un albergue situado en Quiroga” asegura Aida. Non o que respecta á sinalización, esa zona si está completa co cen fitos de granito colocados. Dende a asociación, levan traballado moito por dar a coñecer esta ruta do Camiño de Santiago, non só organizando camiñatas e actos culturais, senón cunha importante labor de difu-



sión a través de publicacións da man da súa presidenta, guías e folletos e estando presentes en congresos sobre o Camiño, polo que esperan que “o feito de que pase moita xente por aquí o ano que vén, sirva de reforzo para que demanden o apoio e equipamento desta zona con infraestrutura igual que en calquera outra ruta” conclúe Aida. Aida Menéndez, presidenta da Asoc. de Camiños pola Ribeira Sacra.



PIVASA

Deséxalles

Bo Nadal

PIZARRAS OS VALES, S.A.

Oficinas:

C/ Las Eras, 14

Tel.: 988 32 52 37 - Fax: 988 32 51 62

O Barco (Ourense)

Fábrica:

Casayo

Teléfono: 988 32 47 45

Taller Tel.: 988 32 47 48